

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

TRADUCIDA XA A CINCO LINGUAS

'Herba Moura', en italiano e holandés

A novela de Teresa Moure confirmase como unha das obras galegas con meirande proxección internacional.

Redacción - 11:30 21/04/2008

Herba Moura será *Le tre donne di Cartesio* en Italia, editada en tapa dura pola editorial [Corbaccio](#), que fará unha primeira edición de catorce mil exemplares. Ao tempo, a novela publicase tamén en holandés, na editorial [Signatuur](#), baixo o título de *Nachtschadem* e unha edición de tres mil exemplares.

A obra coa que [Teresa Moure](#) obtivo o Premio Xerais en 2005 foi xa traducida a cinco linguas, comezando polas edicións en castelán (*Hierba Mora*, Lumen, 2006), catalán (*Herba d' enamorar*, La Campana, 2006) e portugués. En galego a novela, publicada por Xerais, chegou xa ás catro edicións.